

BASES DOS PREMIOS DE TEATRO MARÍA CASARES

Optarán a estes premios todas as producións galegas de teatro de actor feitas en lingua galega, estreadas en Galicia entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano anterior á concesión dos premios, así como todos os profesionais que participen nas montaxes comprendidas nese período de tempo. Os premios concederanse nos seguintes apartados:

- Maquillaxe
- Vestiario
- Iluminación
- Música orixinal
- Adaptación/Tradución
- Texto orixinal
- Escenografía
- Actor secundario
- Actriz secundaria
- Actor protagonista
- Actriz protagonista
- Dirección
- Espectáculo
- Premio de Honra Marisa Soto, á traxectoria persoal ou labor de promoción do teatro.*

*Outórgase este Premio no que se galardoa unha traxectoria ou labor, persoal ou colectivo, a prol da promoción do teatro galego. Este premio leva por denominación "Premio de Honra Marisa Soto" (en lembranza desta desaparecida actriz que tanto traballou polo movemento asociativo do teatro en Galicia) e decídese por deliberación e acordo maioritario da Xunta Directiva da Asociación de Actores e Actrices de Galicia. Os premios non terán dotación económica e consistirán nun busto de cerámica da actriz María Casares.

Para a elección dos candidatos e premiados procederase a través de votacións sucesivas realizadas en dúas fases.

PRIMEIRA FASE

A principios de ano a Organización dos premios remitirá a todo o censo de votantes unha comunicación postal na que se incluírán:

1.1. A relación de todos os espectáculos estreados no ano anterior e os profesionais que traballaron neles. Os candidatos á nominación serán os que faciliten as compañías produtoras dos espectáculos.

1.2. A papeleta de votación na que figurará:

5 espazos a encher para a categoría de actor protagonista.

5 espazos a encher para a categoría de actriz protagonista.

5 espazos a encher para a categoría de actor secundario.

5 espazos a encher para a categoría de actriz secundaria.

Para as demais categorías ou modalidades aparecerán 3 espazos a encher por cada unha.

Non será obrigatorio votar en todas as categorías.

1.2.1. Os votantes deberán introducir as papeletas de votación nun sobre indicado ao efecto e este noutro sobre franqueado e selado (ámbolos dous mandados tamén pola Asociación) que será remitido de volta á entidade por correo dentro do prazo que se especifique. Os sobres coas papeletas de votación serán abertos en sesión aberta ó censo de votantes e controlada pola Xunta Directiva. En todas as categorías serán nominadas as 3 candidaturas máis votadas, incluídas as de actor protagonista, actriz protagonista, actor secundario e actriz secundaria.

EMPATES

Hai empates que non afectan ó número de nominacións: se hai tres candidatos empatados a maior número de votos, serán nominados os tres candidatos implicados; se hai dous candidatos empatados a maior número de votos, serán nominados estes dous candidatos e o segundo máis votados; se hai un candidato con maior número de votos e dous empatados en segundo lugar, serán nominados aquel primeiro e estes dous segundos, etc. Todas as demais combinacións que produzan máis de tres ou cinco nominacións consideraranse todas elas como finalistas.

2. SEGUNDA FASE

2.1. Unha vez contabilizadas todas as papeletas, a Asociación fará pública a lista completa de finalistas. Esta lista será ordenada alfabeticamente dentro de cada categoría e non haberá ningunha alusión ao número de votos obtido por cada candidato.

Esta lista remitiráselle a todo o censo de votantes para que este proceda a unha segunda e definitiva elección dun gañador para cada unha das categorías.

2.2. A Asociación remitirá de novo a seguinte documentación:

- Unha folla de votación onde aparecerán os tres candidatos por categoría, de entre os que os votantes deberán escoller só a un.
- Un sobre disposto ao efecto, onde os votantes deberán meter a folla de votación, e que á súa vez deberán introducir debidamente pechado noutro sobre franqueado e selado pola Asociación para reenviarlo a esta no prazo debido, sempre antes do 23 de marzo.

2.3. Os sobres coas votacións abriranse ante Notario que fará o recuento dos mesmos. Este introducirá o nome de cada un dos elixidos en sobres co seu carimbo e enderezo, pechados e lacrados que só se abrirán no momento da gala en que se fará público o premiado de cada categoría.

Consideraranse nulos os votos emitidos en documentos distintos aos preparados para tal efecto pola organización. Tamén se considerarán nulos os votos emitidos a favor de candidaturas que non cumpran os requisitos establecidos no presente Regulamento ou aqueles que conteñan máis votos dos máximos permitidos para cada fase. Se despois de facer o recuento se producise un empate entre varias candidaturas, os empatados compartirán o dereito a seren promulgados como premiados